

**BOLETÍN  
INFORMATIVO**

**“ A TODOS OS QUE  
NOS SENTIMOS  
PROTAGONISTAS DO CAMPO ”**



**COOPERATIVA  
MELISANTO**

**Agüeiros  
FURELOS  
MELIDE**



*Edición Trimestral*  
*Depósito Legal: C-830-87*

**Nº 1 / 10**



**981 50 60 26**

# NOTICIAS BREVES



Como cada ano por estas datas MELISANTO estaba a preparar os actos para a **celebración da festividade de San Isidro Labrador**, pero ante a problemática que están sufrindo os distintos sectores produtivos e entre eles o agrario, coñecida por todos como “crise económica do país”, o Presidente, Xerencia e demais compoñentes do consello reitor acordaron non celebrar a festa do San Isidro nesta edición. Esperamos que a situación económica vaia mellorando e o próximo ano se poida compartir mesa e mantel cos socios, colaboradores e amigos como xa viña sendo tradicional desde hai tempo.



O Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño convocan a **Primeira Edición dos Premios de Excelencia á Innovación para Mulleres Rurais** correspondente ao ano 2010. As bases reguladoras para a concesión dos premios aparecen publicadas no BOE do 25 de febreiro de 2010. Cada unha das iniciativas recoñecidas que resulten premiadas poderán percibir unha aportación en metálico de 25.000 euros. O prazo para a presentación de solicitudes está fixado ata o 27 de maio do presente ano.



No exercicio económico da cooperativa pechado a 31 de decembro, e referido a todo o ano 2009, a **facturación total da sociedade MELISANTO** acadou a cifra de 16.242.678,72 euros, o que supuxo unha baixada de 6.325.087,93 euros en relación a la facturación do ano 2008.

Se nos referimos as antigas pesetas, estamos a falar que no ano 2009 facturamos 2.702.554.341,51 pesetas fronte os 3.754.960.421,83 de pesetas do ano 2008.



A **facturación da cooperativa MELISANTO no ano 2009 e 2008** coa apreciación da baixadas producidas na maioría das seccións, expónse no seguinte cuadro:

SECCIÓN	AÑO 2009 Facturación en Euros	AÑO 2008 Facturación en Euros	DIFERENZA
Fábrica de pensos	4.913.258,32	6.157.013,56	-1.243.755,24
Servizos veterinarios	442.090,19	470.553,87	-28.463,68
Tenda agraria	699.357,04	958.562,80	-259.205,76
Taller mecánico e muxido	419.188,61	433.872,19	-14.683,58
Economato	521.529,38	559.254,12	-37.724,74
Sección Carne	574.855,31	672.474,80	-97.619,49

A.P.A. Leite	7.711.800,62	12.489.076,12	-4.777.275,50
Servizos centrais	181.469,25	46.269,49	135.199,76
Servizo substitución	8.835,00	11.011,00	-2.176,00
Sección Maquinaria agrícola	124.359,74	185.741,41	-61.381,67
Sección Alimentación con Carros	158.847,18	126.890,19	31.956,99
Sección Horta	487.088,08	457.047,10	30.040,98
<b>TOTAL FACTURACIÓN</b>	<b>16.242.678,72</b>	<b>22.567.766,65</b>	<b>-6.325.087,93</b>



O número medio de traballadores na cooperativa nos anos 2008 e 2009, foi o que se reflicte no seguinte cuadro:

Categorías	EMPREGADOS Ano 2009	EMPREGADOS Ano 2008	DIFERENZA
Axudante en produción	1,18	1,02	0,16
Oficial de 3ª en produción	7,00	6,71	0,29
Oficial de 2ª en produción	5,00	5,00	0,00
Oficial de 1ª en produción	8,00	8,00	0,00
Auxiliar administrativo	4,00	4,22	-0,22
Administrativos Oficial de 2ª	3,00	3,00	0,00
Administrativos oficial de 1ª	2,00	1,00	1,00
Técnicos Agrícolas / Forestais	4,59	2,53	2,06
Veterinarios	4,00	4,00	0,00
Xerente	1,00	1,00	0,00
<b>TOTAL TRABALLADORES</b>	<b>39,77</b>	<b>36,48</b>	<b>3,29</b>



**O horario que rexirá desde o día 1 de abril de 2010** ata o 30 de setembro de 2010 nas instalacións da cooperativa para atender aos socios, será o seguinte:

De luns a venres:

Polas mañás, de 10 a 14 horas.

Polas tardes, de 16 a 20 horas.

Os sábados, en horario de mañá, de 10 a 14 horas.

Os domingos e festivos permanecerán pechadas as instalacións da cooperativa.

Proximamente, como en anos anteriores, vaíse abrir a cooperativa de 12:00 a 13:00 horas da mañá durante os domingos de campaña. Ademais, recordámoslles o número de teléfono de garda do servizo de Taller que durante a campaña estea dispoñible será o 617 415 994. Xa serán expostos os carteis na cooperativa anunciando cando estea funcionando este servizo.



**As inversións realizadas no exercicio 2009 por parte da Sociedade Cooperativa:**

<b>INVERSIÓN REALIZADAS NO ANO 2009</b>	<b>IMPORTE en euros</b>
Elevador de fariña máis Transportador	40.000,00
Silo para Pulpa máis sinfín a carro mesturador	13.943,43
Báscula de plataforma para horta	2.790,00
Prensa hidráulica e cortadora para o Taller	9.200,00
Tractor Valtra	66.666,67
Cisterna de 12.000 litros	15.120,69
Segadora rotativa Pottinger	11.111,11
Lavadora a presión para Carros e Maquinaria	1.347,00
Grade rotativa Keverneland	13.000,00
Sementadora monograo (4 corpos)	12.000,00
Carro Unifeed Storti	150.775,00
Estanterías	11.000,00
Reforma oficinas	29.498,76
Mobiliario para programa Agader	1.050,00
Equipos informáticos programa Agader	3.780,00
Ecógrafo	5.836,45
Ordenador e impresora	1.796,00
<b>TOTAL INVERSIÓN</b>	<b>388.915,11</b>



Os Contratos de Explotación Sustentable (CES) firmados coa Consellería do Medio Rural e os socios de MELISANTO, con cartos da Unión Europea, están tendo boa acollida por parte dos interesados. Despois dunha **inspección realizada por persoal de Bruxelas a tres socios da cooperativa**, a impresión dos técnicos que participaron na mesma foi satisfactoria, polo que foi felicitada a cooperativa incluso por parte do persoal da Xunta de Galicia como mostra de que se están facendo as cousas ben.

---

# A PRESENZA DE INHIBIDORES NO LEITE

Os inhibidores son substancias que aparecen no leite e que ben producen a morte da flora microbiana ou ben inhiben o seu crecemento. Teñen ao súa orixe en:

1. A presenza de residuos de produtos veterinarios consecuencia dos tratamentos sanitarios do gando.
2. A presenza de residuos de produtos de limpeza e desinfección como consecuencia dunhas deficientes rutinas nos procesos de lavado das instalacións de muxidura, tanque de frío, etc.

Tamén como causas máis importantes da presenza de inhibidores no leite podemos citar:

- Almacenamento incorrecto de medicamentos.
- Incorrecta aplicación de medicamentos segundo recomendación.
- Equivocación entre cánulas de secado e lactación.
- Incorrecta anotación de tratamentos.
- Fallos na identificación de vacas tratadas.
- Equivocación no período de supresión.
- Mala información entre os operarios que realizan o muxido.
- Fallos no orde de muxido de vacas tratadas.
- Eliminación só do leite do teto tratado.
- Defectuosa separación do leite contaminado.
- Fallos na anotación da data de secado da vaca.
- Partos prematuros en vacas con tratamento de secado.
- Non facer análise de inhibidores no leite de vacas compradas.

## OS RESIDUOS DE PRODUTOS VETERINARIOS:

A causa máis frecuente da presenza de inhibidores no leite é sen dúbida a que se orixina pola presenza de residuos de produtos veterinarios no leite, como consecuencia dos tratamentos curativos aplicados aos animais que padecen infeccións microbianas no ubre, ou ben de tratamentos preventivos no momento do secado das vacas para evita-la aparición das devanditas patoloxías na lactación seguinte.

A presenza de residuos de produtos veterinarios no leite pode ocasionar distintos tipos de problemas:

### a) Para a saúde pública.

Tendo en conta que se trata de cantidades moi pouco importantes, resulta altamente

---

---

improbable que aparezan efectos tóxicos directos debido a residuos de antibióticos dixeridos cos alimentos.

Polo contrario, estas cantidades serían suficientes en certos casos para desencadear reaccións alérxicas en individuos sensibles ou para provocar alteracións transitorias na flora intestinal do consumidor.

**b) Para a industria agroalimentaria.**

As perdas económicas que se orixinan na industria láctea son de grande importancia e fundamentalmente son debidas á interferencia dos inhibidores nos procesos de fermentación de moitos produtos lácteos (iogures, manteiga...). Na fabricación de queixos prodúcense atrasos da acidez, dificultades no callado e na maduración, obténdose queixos con mala textura, olores e sabores anormais, acompañados dunha flora bacteriana indesexable.

**c) Para os controis bacteriolóxicos.**

A presenza de inhibidores no leite pode producir un enmascaramento eventual da presenza de xemes patóxenos, as consecuencias do cal poden ser graves.

**d) Para o gandeiro.**

A primeira consecuencia que ten a presenza de inhibidores no leite é a penalización que recibe por parte da industria cunha diminución sobre o prezo do produto.

A segunda, moito máis importante, é a prohibición por parte das autoridades sanitarias da entrega do leite á industria, ao ser cualificado este como “non apto para o consumo humano”.

Por último, hai que ter en conta que a detección da presenza de inhibidores realízase despois de que o leite sexa transportado á fabrica, ben no propio peirao antes da súa descarga o ben no laboratorio interprofesional a través da mostra recollida pola industria. Isto supón que o leite contaminado procedente dunha explotación pode chegar a contaminar a totalidade do leite dunha cisterna co conseguinte prexuízo para a industria e inclusive para o conxunto das explotacións, o leite das cales foi mesturado co contaminado.

**Os límites máximos de residuos:** O límite máximo de residuos é o contido máximo de residuos resultante da utilización dun medicamento veterinario expresado en mg/kg autorizado na Unión Europea ou recoñecido como admisible nun produto alimenticio.

**Os tempos de espera:** É o tempo que debe transcorrer entre a última aplicación do medicamento e o aproveitamento dos alimentos obtidos do animal tratado, co obxecto de que non existan residuos do devandito medicamento no alimento, ou que os residuos se

---

---

atopen en proporción inferior ó límite máximo admitido para os devanditos medicamentos e alimentos.

## **PRESENZA DE RESIDUOS DE PRODUCTOS DE LIMPEZA E DESINFECTANTES:**

Outra das causas da presenza de residuos no leite pode ser:

- Residuos de produtos de limpeza (deterxentes e ácidos).
- Residuos de tratamentos premuxidura (desinfectantes).

**Residuos de produtos de limpeza:** Estes residuos son causados por restos de produtos de limpeza (deterxentes alcalino-clorados, deterxentes ácidos ou por outros produtos que se poden empregar para a limpeza da instalación de muxidura), xeralmente son debidos a que o aclarado do equipo que estamos a lavar foi insuficiente ou inexistente, polo que se deberá ter en conta:

- Respecta-las recomendacións de uso dos produtos de limpeza indicados polos fabricantes nas súas etiquetas e que deben ser as seguintes: dose do produto que se debe utilizar; temperatura da solución; tempo de circulación da solución de limpeza.
- Realizar sempre, despois do lavado de calquera material con solucións de limpeza, un aclarado abundante con auga fría e potable, co que evitaremos que os restos de deterxentes poidan quedar no interior dos equipos provocando o seu paso ao leite.

**Residuos de tratamentos premuxidura:** Nalgunhas explotacións realízanse certas técnicas de desinfección que, ben polo xeito de efectualas, ben por utilizar produtos desinfectantes para fins que non están recomendados, poden se-la causa da presenza de residuos destes produtos no leite. Entre estas prácticas podemos destaca-la utilización de desinfectantes de tetos antes de proceder á muxidura como complemento do lavado de ubres, e a inmersión das teteoiras entre muxiduras nunha solución de auga cun desinfectante.



# A CONCENTRACIÓN PARCELARIA E A TERRA DE MELIDE

A Concentración Parcelaria é un proceso administrativo regulamentado por lei mediante o cal a superficie agrícola dunha parroquia, dun concello ou dunha comarca é redistribuída entre os mesmos propietarios que a posuían de tal forma que as fincas de cada propietario queden agrupadas formando o menor número posible delas. Deste xeito se trata de conseguir diminuír os custos de produción nas explotacións que doutra forma, entre outras cousas, as impiden ser competitivas.

De acordo coa lei o procedemento de concentración parcelaria pode iniciarse da forma máis habitual que é a petición da maioría dos propietarios da zona para a que se solicita a mellora, ou ben de forma excepcional por un número calquera deles a quenes pertencen máis das tres cuartas partes da superficie a concentrar. Tamén pode ser promovido o proceso de concentración cando ante a Consellería do Medio Rural o solicite o Concello correspondente que fará constar as circunstancias de carácter social e económico que concurren na zona.

O procedemento de iniciación que ven aplicándose na comarca Terra de Melide, como na maioría das comarcas, é a petición dos interesados propietarios da zona, porque é o máis democrático e porque se decide sobre algo tan sensible como é a propiedade privada que é un dereito de todo cidadano recoñecido no artigo 33 da Constitución Española. De ter en conta a función social, este dereito pode ser privado ou limitado polas expropiacións de carácter forzoso, que só poden facerse por causa xustificada de utilidade pública ou interese social mediante a correspondente indemnización e de conformidade co disposto polas leis.

Sería posible na comarca Terra de Melide iniciar unha concentración parcelaria polo Concellos sen o consenso dos veciños, argumentando circunstancias de carácter social e económico? Cales serían os argumentos que esgrimirían para facelo desta forma ante unha hipotética e maioritaria oposición dos veciños?

Con carácter xeral considéranse que se dan circunstancias de carácter social e económico para que poida iniciarse un procedemento de concentración parcelaria desta forma prevista cando se considere probado que hai un bo número de agricultores e gandeiros que “a título principal” (ATP) se dedican a estes menesteres e que nas súas fincas se reflicte unha situación de minifundismo acentuado que faga perigrar



a viabilidade técnica e económica das explotacións agrarias. Curiosamente, os que se están dedicando exclusivamente a estas actividades e ante a ausencia de iniciativas reais nalgúns concellos que promoveran os traballos da concentración parcelaria, encargáronse no seu momento de adquirir fincas colindantes ao lugar onde querían promover a explotación agropecuaria para que a súa actividade fose viable, tendo concentrado as súas propiedades, preferentemente, nunha parcela principal, o que de feito é para eles unha singular concentración parcelaria. Outra cuestión diferente sería o argumento para todos aqueles que non teñen concentradas as súas principais fincas, pero claro, unha maioría dos que así se atopan non dependen economicamente da agricultura e gandería, é dicir, a agricultura e a gandería non son para eles a actividade principal pola que tributan fiscalmente á Facenda Pública.

En consecuencia, este argumento relativo ás “circunstancias de carácter social e económico” sería dificilmente xustificable para un Concello, tanto para os que se dedican “a título principal” ás actividades agrogandeiras como para os que non se dedican prioritariamente a ela.

A isto, habería que engadirlle posibles recursos xudiciais dos veciños que alargaría de forma escandalosa os prazos para a declaración de concentración, ademais das discordias e enfrontamentos que se xerarían entre os veciños. Polo tanto non sería

unha postura nin razoable, nin sensata, nin coherente, nin eficaz. Por outro lado, a experiencia dí que esta forma excepcional de iniciación do proceso de concentración é descartada na maioría das zonas que a teñen declarada ou en proceso de realización.

Eliminando esta forma de solicitar a iniciación do proceso da concentración parcelaria como de interese social e económico, resulta máis positivo facelo a instancia dos interesados tendo en conta que debería ser unha forma e labor de todos explicar serenamente aos veciños como levar a cabo o proceso para lograr solventar os problemas de infraestruturas agrarias existentes e mirar de conseguir unha estrutura de parcelas máis acorde cos requirimentos técnicos do século XXI que mellorarían notablemente as explotacións agrogandeiras e poderían mecanizarse todos os medios de produción, e deixar de empregar media vida nos camiños. Sería facilmente entendible polos veciños que deben convencerse, os que non o estean, que é unha posible solución, aínda que xa non a única, para dar un paso máis en busca de futuro para a agricultura, a gandería e, probablemente, para a vida dos nosos pobos.

Unha vez promovido e iniciado o expediente de concentración parcelaria e recibido na Consellería do Medio Rural, a esta correspóndelle emitir os informes técnicos pertinentes para promulgar o Decreto e determinando o perímetro da zona a concentrar. Publicado o Decreto no DOG se constitúe a Xunta Local formada polo Xuíz de 1ª Instancia da zona a concentrar, Letrado da Consellería, alcalde, técnicos agrarios e agricultores elixidos dentre os afectados polo proceso de concentración.



Comprobados os datos aos que se refire a solicitude dunha determinada zona, o servizo provincial correspondente, oída a administración hidráulica autonómica (Augas de Galicia) no marco da planificación hidrolóxica e da planificación de saneamento, procederá a tramitar o expediente realizando un estudo de viabilidade do estado actual da zona e dos resultados previsibles como consecuencia da concentración que permita determinar a funcionalidade da mesma, no que polo menos constarán os seguintes extremos:

- a. Grao de división, dispersión e situación xurídica das fincas en relación coas explotacións agrarias en actividade na zona.
- b. Descrición dos recursos naturais, con referencia especial ás terras abandonadas ou con aproveitamentos inadecuados.
- c. Relación de áreas de especial importancia polo seu valor xeolóxico, paisaxístico e ambiental. Asemesmo, enumeraranse os bens de interese cultural, histórico e/ou artístico que poidan resultar afectados pola concentración parcelaria.
- d. Valoración das posibilidades de establecer unha nova ordenación de explotacións con dimensións suficientes e estruturas adecuadas a través da concentración parcelaria.
- e. Estudo de avaliación de impacto ambiental dos traballos relativos ao proceso concentrador.
- f. Determinación do grao de aceptación social das medidas transformadoras previstas.
- g. Avaliación económica e financeira dos investimentos necesarios.
- h. Superficie e características que na zona a concentrar teñan as unidades mínimas de explotación.
- i. Descrición das explotacións agrarias, tendo en conta as superficies levadas por cada unha delas nas distintas formas de tenencia, as súas orientacións produtivas e o nivel de viabilidade económica, con posterior agrupación e análise do seu conxunto.
- j. Exame detallado e valoración das proposicións de regras ou actuacións de iniciativas propostas polos peticionarios de concentración como condicionante da propia solicitude.
- k. Aqueles outros que se estimen de suficiente entidade como para ser obxecto de valoración obxectiva á hora de decidir o Consello da Xunta a declaración, mediante o Decreto, da utilidade pública e interese social da concentración da zona, así como a súa urxente execución.

Cando a solicitude da concentración parcelaria inclúa, total ou parcialmente, terreos de uso forestal ou algún recurso natural que interese manter ou protexer, o ser-

vizo provincial correspondente requirirá informe, preceptivo e vinculante, do órgano competente en materia de montes, aos efectos de incluír ou non eses terreos no perímetro da zona a concentrar.

Esta tarefa require o manexo dunha grande cantidade de información, tanto da situación previa como da posterior ao proceso: datos xeográficos, persoais e xurídicos todos eles relacionados.

Despois da iniciación do expediente, o estudo de viabilidade e o plan de desenvolvemento da zona a concentrar, veñen as seguintes fases:

- Bases provisionais
- Bases definitivas.
- Proxecto.
- Acordo
- Acta de reorganización da propiedade.

A propia lei de concentración parcelaria fixa un tempo para cada fase que no conxunto das mesmas non debería exceder de cinco anos.

A urxente necesidade de aceleración do proceso concentrador precisa dunha axilización dos trámites e unha remodelación nos métodos de traballo, mantendo e aínda mellorando o rigor técnico e xurídico para garantir e facilitar o exercicio dos dereitos dos administrados, e para elo a administración poderá contratar os traballos preparatorios necesarios a cada fase do proceso de concentración, así como a execución de servizos técnicos concretos, a empresas de asistencia técnica. Estas empresas deberán estar dotadas de persoal profesional calificado, medios informáticos avanzados e especialización contrastada pola experiencia. En todo caso, as empresas contratadas someteranse á dirección, intervención, seguimento e control do Servizo de Estruturas Agrarias, encargado da atención directa dos administrados. En garantía ao dereito dos afectados, quedarán excluídos da contratación os traballos relativos á preparación dos recursos.

Ante a necesidade de acometer unha política intensiva de reforma das estruturas agrarias e de reestruturación da base territorial das explotacións da comarca Terra de Melide, cómpre reflexionar se a concentración parcelaria segue a ser a solución para promocionar aos agricultores e gandeiros destas terras ou sería preciso buscar outras posibles solucións.

# INFORMACIÓN PARA O CAMPO

## AXUDAS EXTRAORDINARIAS A EMIGRANTES GALEGOS RETORNADOS E AOS SEUS FAMILIARES

A Secretaría Xeral de Emigración publica no DOG di día 19 de abril de 2010 unha Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares, e se procede á convocatoria para o ano 2010.

### **BENEFICIARIOS:**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as seguintes persoas:

- Os cidadáns españois que tiveran o seu lugar de residencia no estranxeiro e voltaran a Galicia, sempre que antes de emigrar tiveran a última vecindade en Galicia, acreditada no correspondente Consulado de España, e os naturais de Galicia nas mesmas condicións.
- Os familiares das persoas indicadas anteriormente unidos a estes por matrimonio ou que sexan parella de feito, parentesco por afinidade en primeiro grao, ou por adopción, e parentes consanguíneos de ata o segundo grao, así como os viuvos/as ou órfanos de eses emigrantes.

### **REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS:**

- Ter residido legalmente no estranxeiro un mínimo de tres anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data do seu retorno a España.
- Ter traballado no exterior durante un período mínimo dun ano. Quedarán eximidos deste requisito as persoas que teñan 65 anos ou máis, e as persoas que teñan unha discapacidade recoñecida en un grao igual ou superior ao 65 %.
- Non haber transcurrido máis dun ano entre a data do seu retorno a España e a da publicación desta resolución.
- Estar empadroadado e ter residencia nun concello da Comunidade autónoma galega.
- Carecer de rentas ou ingresos suficientes, computando como tales todo tipo de rendas, incluso as axudas públicas ou privadas.
- Carecer de bens móbiles e/ou inmóbiles cuio valor supere o límite de 15.000 euros.

## **CONTÍA E PAGO DAS AXUDAS:**

As axudas de carácter xenérico para facer fronte á situación derivda do retorno previstas serán pagadas por unha soa vez, e o seu importe establecerase en función do número de puntos que obteña o solicitante segundo un baremo preestablecido.

## **DOCUMENTACIÓN:**

Xunto coa solicitude deberá presentar a seguinte documentación en original ou copia debidamente compulsada:

- DNI ou pasaporte en vigor.
- Documento xustificativo da condición de galego.
- Libro de Familia. En caso de separación legal ou divorcio, ou disolución de parella de feito, aportará a correspondente sentenza judicial firme.
- Certificación municipal que acredite a alta do solicitante no Padrón do concello galego no que teña fixada a súa residencia e a convivencia dos membros da unidade familiar.
- Certificado de emigrante retornado expedido pola Subdelegación do Goberno acreditando o tempo traballado no exterior e a data de retorno a España.
- Baixa consular del solicitante.
- Certificación de vida laboral expedida pola Tesorería Xeral da Seguridade Social, no seu caso.
- Certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos económicos e rendas de calquera tipo.
- Declaración responsable de que ningún membro da unidade familiar, incluído el mesmo, ten outros bens mobles ou inmobles a excepción da vivenda habitual, e de telos, a acreditación do seu valor.
- Cando o solicitante sexa o cónxuxe, parella de feito, viuvo ou orfo do emigrante galego, aportará ademais o correspondente certificado de defunción expedido pola autoridade competente do país no que se producise o falecemento.
- Informe médico actualizado expedido polos servizos públicos de saúde españois, en caso de alegar enfermidade.
- Certificado expedido polo órgano competente en España que acredite o grao de discapacidade no caso de alegar tal circunstancia.
- En caso de alegar ser vítima de violencia de xénero, deberá acreditar tal situación.
- Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas.
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pago ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da comunidade autónoma de Galicia.
- A Secretaría Xeral da Emigración poderá requirir calquera outra documentación ou dato adicional que considere necesario para completar o expediente ou para unha mellor valoración do mesmo.

## **PRAZO DE RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES:**

Unha vez presentadas as solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras. O prazo máximo para resolver será de 6 meses contado desde a presentación da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcurrido dito prazo sen que se dictasen as resolucións expresas, poderá entenderse desestimadas as solicitudes.

O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obrigación de justificación, dará lugar á perda do dereito de cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

## **SOLICITUDES, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN:**

As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado xunto coa documentación esixida na Secretaría Xeral da Emigración (Rúa Basquiños, 2, 15704-SANTIAGO DE COMPOSTELA) ou en calquera das formass previstas pola Administración.

O prazo de presentación das solicitudes remata o 30 de setembro de 2010.





*A información do Censo Agrario pode ser útil para a reactivación e modernización do sector...*

## **NUEVA TARIFA DE PRECIOS PARA EL AÑO 2010 DE LA SECCION MAQUINARIA**

	Pesetas	Euros
T-170 Minilaboreo Maiz	11.980 pta	72 €
T-170 Minilaboreo Hierba	11.647 pta	70 €
T-170 Grade Rotativa	9.151 pta	55 €
T-170 Fitosanitarios	7.487 pta	45 €
Encaladora Kg +5.000 Kg	2,77 pta	0,0167 €
Abonadora Kg	3,33 pta	0,0200 €
T-170 Cisterna 16.000 Litros	7.487 pta	45 €
T-170 Grade Discos Refino	10.316 pta	62 €
T-170 Grade Discos Desmonte	10.316 pta	62 €
T-170 Arado De 5 Vertederas	11.980 pta	72 €
T-170 Subsolador	10.316 pta	62 €
T-170 Desbrozadora	7.487 pta	45 €
T-90 Transplantadora Cebola	5.491 pta	33 €
T-90 Transplantadora Puerro	4.326 pta	26 €
T-90 Sembradora Maiz	5.491 pta	33 €
T-90 Arrancadora	5.824 pta	35 €

Para los tractores de mas caballaje se incrementara el precio de la hora en 3€